



## Comunicado de prensa

### **XOSÉ LASTRA: "SEN GALEGO NON HAI GALIZA".**

- **NOVA ESCOLA GALEGA realiza unha valoración crítica do Decreto de normalización lingüística para o ensino que prepara o goberno galego.**
- **Os resultados dos estudos máis recentes veñen ratificar un fracaso evidente da escola como axente normalizador.**
- **Bótanse en falta no proxecto de Decreto que prepara o goberno medidas para favorecer o avance e a consolidación dos proxectos lingüísticos dos centros educativos. Descansar só na boa vontade pode supoñer que o avance dun curso sexa retroceso no seguinte.**

Na conferencia de prensa celebrada o venres, 18 na Galería Sargadelos de Santiago, o responsable de comunicación de NOVA ESCOLA GALEGA **Xosé Manuel Malheiro** e o Presidente da organización **Xosé Lastra**, realizaron a presentación pública dun novo número do boletín editado polo colectivo **NOVA ESCOLA GALEGA-OPINA**, nesta ocasión centrado na situación da lingua galega no ensino e na análise do novo Decreto normalizador que prepara o goberno.

NOVA ESCOLA GALEGA considera que, para dar resposta axeitada á situación actual, analizada dende unha perspectiva global e tomando en conta os indicadores da evolución sociolingüística dos últimos anos, polo menos dende a publicación da Lei de normalización lingüística, serían necesarias medidas moito máis avanzadas e decididas -non só no eido do ensino- para conseguirmos colectivamente a reversión da tendencia á substitución lingüística en Galicia.

No caso que nos ocupa, cómpre indicar que as disposicións recollidas no Decreto aínda en vigor -non tan diferentes das propostas- nunca foron cumpridas de xeito efectivo. Se esta nova proposta constitúe un avance significativo só poderá saberse se realmente hai unha vontade de cumprimento e control sobre as medidas recollidas. Xustamente o que non existiu nos doce anos que pasaron dende a publicación do Decreto vixente.

Preocúpalle a NOVA ESCOLA GALEGA que entre os aspectos xerais considerados no Plan Xeral de Normalización Lingüística da Lingua Galega (aprobado no 2004) e a normativa proposta existe un enorme baleiro, sen prazos nin concreción, e para o que non se ofrecen vías de progresión nin garantías de consolidación dos proxectos.

Bótase en falta, por último un horizonte normalizador no que se poidan contextualizar as iniciativas que, coma esta, atinxan á normalización lingüística no ensino.

Compostela, 18 de maio de 2007